



## Vídeo ritual 1

*Cristina Prego de Oliver López*

Esta nova categoría ata agora omitida nos distintos estudos da historia do vídeo, o vídeo ritual, engadíriase ás citadas por recoñecidos críticos do medio como Michael Rush ou Marita Sturken, entre outros. O vídeo ritual é unha achega persoal ás clasificacións existentes do vídeo.

A arte serviu de instrumento conectivo coa relixión desde a súa orixe na empatía entre o terreal e o celeste, o espiritual. No caso do vídeo, por compartir cos medios de comunicación o seu excepcional vehículo transmisor de masas, é considerado e empregado como un recurso moi recomendable na propaganda relixiosa e para atraer os fieis. O exemplo de Eternal Work Television Network (EKTN), fundada pola madre María Angélica de la Asunción e cuxa primeira emisión data do 15 de agosto de 1981, é moi revelador converteuse na primeira cadea relixiosa por importancia no mundo está presente en 140 países e chega a máis de 123 millóns de fogares<sup>1</sup>. Quizais, baixo este nome, non soe de nada, pero o programa de televisión de Andreu Buenafuente que se emite na Sexta adoita dobrar a madre María Angélica, *portavoz de Dios*, con altas doses de humor.

Existe un vínculo entre a experiencia mística e a estética (artística). Ambas presentan situacións comúns; tanto a derivada da relixiosa coma a artística se nutren de obxectos ou accións cunha aura ou halo que lles dá trans-

endencia. Segundo Araceli Mariel Arecche “El aura es para Benjamin una forma de experiencia estética que se da en el contacto o en la visión de la obra original. A dicha experiencia estética la califica como la aparición irreplicable de una lejanía que le confiere a la obra un carácter inaccesible”. Este corolario foi consolidado nas experiencias polo culto (na mística) e polo comercio e a crítica nas súas distintas formas. Cómpre salientar ademais que para acadar ambos (a experiencia relixiosa e a artística) os estados o individuo debe atravesar un proceso sensorial no que a contemplación e a acción son claves fundamentais. Wayne Proudfoot, estudioso da filosofía da relixión, apunta que as dúas experiencias presentan dous tempos e espazos disímiles. Para Proudfoot, como cita no seu libro *Religious Experience*, a linguaxe serviu para expresar signos sagrados e actos simbólicos, ou o que é o mesmo, a tradición. Entende que estes signos e rituais son independentes de pensamentos e conceptos. Para alcanzar o que o autor chama experiencia relixiosa é necesario unha alteración física ou sensorial, ben en forma de xaxún, canto, baile... ben mediante calquera outro tipo de ritual ou acción. Na experiencia relixiosa teñen lugar dous tempos distintos e dúas percepcións distintas, os relativos á experiencia e os que lle atinxen á súa explicación:

Originally the contextual integration of art in tradition found its expression in the cult. We know that the earliest art works originated in

the service of a ritual-first the magical, then the religious kind. It is significant that the existence of the work of art with reference to its aura is never entirely separated from its ritual function<sup>2</sup>.

Neste fragmento Walter Benjamin formula a conexión entre arte e ritual. Aclara que a integración da arte na tradición se deu polo servizo ó culto, primeiro co ritual máxico e máis tarde co relixioso; engade que é significativo que a aura dunha obra de arte non puidese separarse de todo da súa función ritual. O autor, xa que logo, refírese á aura como formulación do valor de culto da obra de arte na percepción de espazo e tempo:

(...) the Christian concept of the mystical body all men as members of the body of Christ this becomes technologically a fact under electronic conditions<sup>3</sup>.

Marshall McLuhan tamén repasou certas nocións relixiosas no seu libro *Global Village*. O concepto de corpo místico, do que o home forma parte, o corpo de Cristo, é un tema, segundo McLuhan, afectado tecnoloxicamente por condicións electrónicas.

O carácter icónico que envolve os vídeos rituais é fundamental. O espazo e o tempo, coordenadas das accións, e por extensión parámetros do vídeo, toman no caso do vídeo ritual un sentido simbólico. Estes conceptos e outros ampliaranse proximamente noutro artigo.

1 <http://www.ewtn.com/tv/index.asp>.

2 Benjamin, Walter (1986): "The work of Art in the Age of Mechanical Reproduction", en *Video Culture. A Critical Investigation*, Nova York, ed. Visual Studies Workshop Press, p. 32.

3 McLuhan, Marshall and Stearn, G.E. (1968): "Even Hercules had to Clean the Augean Stables but Once!: A Dialog". *McLuhan: Hot & Cool*, ed. Penguin, p. 302 (cit. Horrocks 3).

---

## Ilustracións

- 1 Cristina Prego. *Vídeo ritual 1*, 2007, 4 min 30 seg.

1





